

expedientes do Servizo de Benestar Social e o hardware necesario para o seu despregue (210.165-301) (lotes 1 e 2)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C “Proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores admitidos en cada un dos lotes deste procedemento co seguinte resultado:

LOTE 1

	Licitador	Redución do prezo	Incremento do prazo de garantía
1	IMATIA INNOVATION, S.L.	288.839,10 €	4 anos

LOTE 2

	Licitador	Redución do prezo	Increm. almacenam. total ofertado en formato Flush/SSD	Increm. almacenam. ofertado en espazo formato SAS	Increm. prazo de garantía	Melloras técnicas das tablets		
						Caract. técn. memoria interna	Caract. técn. memori a RAM	Caract. técnicas cámara
1	EDNON, S.L	199.968,87 €	0TB	43,2TB	24 meses	64GB	4GB	8MP

Ambos os dous licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asisten á apertura D. Iván Franco Rabuñal, con DNI ****.*56.84*** e D. Diego GARCÍA TRIGO con DNI ****.*29.71***, ambos os dous en representación de IMATIA INNOVATION, S.L., e D^a. Verónica Torres Cepeda, con DNI ****.*47.92***, en representación de EDNON, S.L.

A Mesa comproba que non hai valores anormais nas ofertas dos licitadores presentados en cada un dos lotes ao abeiro do previsto na cláusula 18 do PCAP. Tendo en conta que só hai un licitador admitido en cada un dos lotes, a Mesa acorda outorgar aos licitadores a máxima puntuación ás proposicións avaliables a través de fórmula, en aplicación da cláusula 16.3 do PCAP (“As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas que conteñan valores anormais de acordo co establecido na cláusula 18 deste prego, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula”) co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo	Incremento do prazo de garantía (expresado en anos)	Puntuación total
1	IMATIA INNOVATION, S.L.	40	10	50 puntos
	Licitador	Redución do prezo	Incremento do prazo de garantía (expresado en anos)	Puntuación total
1	IMATIA INNOVATION, S.L.	40	10	50 puntos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 10:23	Páxina 2 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA64H-56DDCD-5E3339-9QWH89-MRPPXG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	Licitador	Redución do prezo	Increm. almacenam. total ofertado en formato Flush/SSD	Increm. almacenam. ofertado en espazo formato SAS	Increm. prazo de garantía	Melloras técnicas das tablets		
						Caract. técn. memoria interna	Caract. técn. memoria RAM	Caract. técnicas cámara
1	EDNON, S.L	50	20	20	5	4	0,5	0,5
Puntuación total							100 puntos	

Tendo en conta a puntuación obtida por IMATIA INNOVATION, S.L. na súa proposición avaliable mediante xuízo de valor (48 puntos) a puntuación total é a seguinte:

	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	IMATIA INNOVATION, S.L.	48	50	98 puntos

7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Construción de beirarrúas no Camiño da Pomba” (644-441)

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario do 13 de abril de 2021, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación da subministración e implantación dunha plataforma -on premise- para a xestión integral dos expedientes do Servizo de Benestar Social e o hardware necesario para o seu despregue (210.165-301) (lotes 1 e 2)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a única proposición admitida nos lotes 1 e 2 deste procedemento aberto para a contratación da subministración e implantación dunha plataforma -on premise- para a xestión integral dos expedientes do Servizo de Benestar Social e o hardware necesario para o seu despregue (210.165-301) na seguinte orde decrecente:

Lote 1



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 10:23	Páxina 3 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA64H-56DDCD-5E3339-9QWH89-MRPPXG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Licitador	Puntuación total
1	IMATIA INNOVATION, S.L.	98 puntos

Lote 2

	Licitador	Puntuación total
1	EDNON, S.L.	100 puntos

Segundo.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, IMATIA INNOVATION, S.L. (B-36.499.960) (lote 1) e EDNON, S.L. (B-36.938.009) (lote 2), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:25 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 10:23	Páxina 4 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA64H-56DDCD-5E3339-9QWH89-MRPPXG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		